




AUDITORÍA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

auditoría

de prevención
de **riscos laborais**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Relacións Laborais

XUNTA DE GALICIA

QUE É UNHA AUDITORÍA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS?

"A auditoría é un instrumento de xestión que persegue reflectir a imaxe fiel do sistema de prevención de riscos laborais das empresas, valorando a súa eficacia e detectando as deficiencias que poidan dar lugar a incumprimentos da normativa vixente para permitir a adopción de decisións dirixidas ao seu perfeccionamento e mellora" (art. 30 R/D/ 39/1997, do 17 de xaneiro).

OBXECTIVOS:

- Comprobar como se realizou a avaliación inicial e periódica dos riscos, analizar resultados e verificalos.
- Comprobar que o tipo e planificación das actividades preventivas se axusta ao disposto na normativa.
- Analizar a adecuación entre os procedementos e medios requiridos para realizar as actividades preventivas.
- Valorar a integración da prevención no sistema xeral de xestión da empresa e a súa eficacia.

QUEN DEBE SOMETERSE?

Todas as empresas a excepción de:

- Empresas de seis traballadores cuxas actividades non sexan de risco. Anexo I Regulamento dos servizos de prevención (RSP).
- Empresas que teñan concertado totalmente o servizo de prevención cunha entidade especializada.

FRECUENCIA

A primeira auditoría debe realizarse **dentro dos 12 meses** seguintes ao momento no que se dispoña da planificación da actividade preventiva.

Debe repetirse:

Cada **catro anos**.

Cada **dous anos** se se realizan actividades incluídas no Anexo I do RSP.

Cando sexa **requirida pola autoridade laboral**.

QUEN PODE AUDITAR?

Entidades autorizadas pola autoridade laboral.

LEXISLACIÓN

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- R/D/ 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do servizos de prevención.
- R/D/ 604/2006, do 19 de maio, polo que se modifica o R/D/ 39/1997.
- Regulamentos específicos da actividade laboral.

INFORMACIÓN

Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Servizo de Seguridade e Saúde Laboral

Rúa San Lázaro s/n • 15781 Santiago de Compostela • Tel.: 981.544.771

Entidades autorizadas pola Dirección Xeral de Relacións Laborais:

http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/prevencion/listado_entidades_auditoras